

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 27 de xuño de 2025

Hora de comezo: 12:30 h

Hora de remate: 13:30 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Marta Conde Sieira (responsable de calidade dos PD en Ciencias Mariñas)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Análise e validación, se procede, dos autoinformes de seguimento de Programas de Doutoramento
4. Validación, se procede, da modificación do procedemento de Formación de Investigadores do SGC
5. Programación das enquisas de satisfacción do PAS
6. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores

Apróbanse por asentimento as actas das sesións da Comisión de Calidade da EIDO do 24 de febreiro, do 25 de marzo e do 22 de maio de 2025.

2. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO informa da incorporación Profa. Marta Conde Sieira como membro da Comisión da Calidade en representación do PD en Ciencias Mariñas, en substitución da Paloma Morán.

O subdirector tamén informa da recepción dende a ACSUG do Informe definitivo favorable á Verificación do novo PD en Investigación Sanitaria e o Informe definitivo tamén favorable da Modificación Substancial do PD en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física, programa interuniversitario coordinado pola Universidade de A Coruña.

O subdirector informa do remate ao nivel dos PD e da EIDO do proceso de modificacións substanciais das memorias dos PD, xa que os seguintes pasos establecidos nas normativas vixentes competen á Xunta, ACSUG e o Ministerio de Educación. O subdirector aproveita para felicitar aos PDs polo traballo realizado e agradece a colaboración dos PD e dos servizos que participaron neste proceso.

O subdirector informa do estado do plan de actualización e mellora do SGC, do que xa están revisados dous dos principais procesos (Dirección Estratéxica e Xestión dos Programas), trátase nesta comisión o de Formación de Investigadores e xa está levándose a cabo a revisión do proceso de Xestión Académica. De acordo co aprobado en febreiro de 2024, este conxunto de catro procesos son os que forman compoñen a primeira fase do plan e, unha vez rematado, abordarase a revisión do segundo conxunto de procesos.

3. **Análise e validación, se procede, dos autoinformes de seguimento de Programas de Doutoramento**

O subdirector da EIDO fai un breve resumo do calendario, prazos e da documentación necesaria para o proceso de seguimento dos PD. Os programas que teñen que pasar este proceso agrúpanse en tres bloques (con indicación do ciclo de seguimento e das universidades participantes en caso de PD interuniversitarios):

- PD non interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria (2º ciclo)
- Comunicación (2º ciclo)
- Creación e investigación en arte contemporánea (2º ciclo)
- Enxeñaría química (2º ciclo)
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica (2º ciclo)

- PD interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Biotecnoloxía avanzada (2º ciclo) (UVI + UDC)
- Ciencias sociais e envellecemento (1º ciclo) (UVI + USC + UDC + UPOR + UTAD)
- Equidade e innovación en educación (2º ciclo) (UVI + USC + UDC + UCAN + UOV)
- Estudos literarios (2º ciclo) (UVI + UDC)
- Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria (2º ciclo) (UVI + USAL)

- PD interuniversitarios responsabilidade doutras universidades:

- Ciencia e tecnoloxía química (2º ciclo) (USC + UVI)
- Endocrinoloxía (2º ciclo) (USC + UVI)
- Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura (2º ciclo) (USC + UVI + UDC)
- Láser, fotónica e visión (2º ciclo) (USC + UVI + UDC)
- Matemáticas e aplicacións (1º ciclo) (USC + UVI + UDC + UPOR + UTAD)
- Neurociencia e psicoloxía clínica (2º ciclo) (USC + UVI + UDC)

Dende que se tivo recibido dende a ACSUG a planificación deste seguimentos organizouse unha reunión inicial coas coordinacións dos programas onde se lles informou dos pasos do proceso e proporcionouse a través de MOOVI a documentación e os indicadores necesarios para a elaboración dos autoinformes. No prazo interno establecido pola EIDO, as CAPD presentaron as versións iniciais dos informes que foron revisadas a continuación pola EIDO, o servizo de Posgrao e a Área de Calidade. Tras estas revisións, os PD responsabilidade da UVigo elaboraron os autoinformes definitivos que son os que consideran aquí para a súa aprobación inicial pola Comisión de Calidade da EIDO e posterior remisión a ACSUG.

A valoración xeral dos autoinformes presentados é positiva, con todos os apartados dos mesmos correctamente cubertos e incluíndo a información das partes institucionais. En xeral, todos os informes fan referencias aos indicadores, evidencias e datos de satisfacción aportados e algúns programas aportan documentación adicional moi ben detallada. Por último, todos os autoinformes poñen especial atención en responder as cuestións que se lles plantexaron nos procesos de acreditación e seguimento previos.

Os autoinformes de seguimento presentados apróbanse por asentimento pola Comisión de Calidade.

4. Validación, se procede, da modificación do procedemento de Formación de Investigadores do SGC

Como se indicou no Informe da Presidencia, o subdirector da EIDO e o técnico da Área de Calidad Miguel Dorribo informan da modificación do Proceso de Formación de Investigadores que se levou a cabo dentro do proceso de Actualización e Mellora do SGC da EIDO.

Os principais cambios deste proceso, no que se teñen incorporado as achegas feitas polos grupos de interese durante o proceso de exposición pública do mesmo, están relacionados con:

- Responsable do proceso (pasa a ser a Dirección da EIDO)
- Indicadores do proceso:
 - * Dous novos indicadores (IPD21 Taxa de graduación e IPD22 Taxa de abandono)
 - * Desagregase o IPD18.1 Teses defendidas nas temáticas dos 17 ODS
 - * Remóvese deste proceso o IPD11 Estudantes con axuda económica (pasa ao proceso de Xestión da Infraestrutura), IPD13 Estudantes por liña (pasa a Xestión Académica), IPD14 Teses en co-dirección e IPD17 Expertos internacionais nos tribunais (pasan a Xestión das Persoas)
- Inclusión da fase de análise e mellora (xenérica a todos os procedementos)
- Inclúense guías e instrucións específicas: Código de boas prácticas da Eido, Guía de boas prácticas para dirixir teses, Guía de estilo para presentar teses, Protocolo para examinar a tese en exposición pública

Dentro do procedemento Ensinanza, aprendizaxe e avaliación fixéronse ás seguintes modificacións:

- Cambio de denominación (antes Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos)
- Inclúense como anexos os modelos de Compromiso documental de supervisión, Asignación do director, Solicitude de baixa definitiva nun PD (TC44) e Informe de avaliación da tese. Todos eles se poñerán ao día. Elimínase o modelo de Solicitude de admisión a trámite da tese (TC24)
- Adaptación aos cambios normativos (Plan de formación persoal, prazos para elaborar a tese, informes de expertos externos, prórrogas)

- Simplificación da fase de xestión do documento de actividades do doutorando
- Redúcense os rexistros de calidade a un só (realización de actividades formativas), quedando o resto a dispor na aplicación de xestión académica (Xescampus/Sigma)

Dentro do Xestión da mobilidade se modificaron:

- Esténdese o seu alcance a calquera tipo de mobilidade, segundo os estándares da Carta Europea do Persoal Investigador e a normativa vixente
- Mobilidade do estudantado alleo: a certificación é elaborada pola ORI (non pola CAPD)
- Estadías de investigación do estudantado alleo: adaptación ao Regulamento de Persoal Investigador Visitante
- Elimínase o rexistro do informe anual de mobilidade (intégrase na memoria anual da EIDO)

Dentro do Autorización e defensa da tese pódese mencionar:

- Adaptación aos cambios normativos (Plan de formación persoal, informes de expertos externos)
- Inclúense como anexos os modelos de Proposta de membros do tribunal de tese (TC25), Membros do tribunal de tese (TC32), Valoración da concesión de mención cum laude (TC31) e Baixa de proxecto de tese (TC40) que, xunto co informe de valoración da tese posterior á lectura (TC41) son actualizados.
- Simplifícase o modelo de Acta da sesión de presentación e cualificación da tese.

Durante a revisión dos cambios, o director da EIDO informou da aprobación en Comisión Permanente dun novo documento de Normas de estilo para a presentación da teses. Tras a revisión dos cambios e a documentación, a Comisión de Calidade aprobou por asentimento a nova versión do proceso de Xestión de Formación de Investigadores.

5. Programación das enquisas de satisfacción do PAS

O técnico da Área de Calidad Miguel Dorribo recordou a cronoloxía das enquisas de satisfacción realizadas ao PAS no ano 2021 e a súa suspensión no ano 2023 debido a o gran cambio de postos asociado ao concurso de persoal realizado ese ano, o que tería afectado á validez dunha eventual enquisa.

A pesar de que no primeiro trimestre do ano 2025 aínda se produciron cambios no persoal das Áreas Académicas de Posgrao e no Servizo de Posgrao, considerase conveniente programar a realización dunha nova enquisa ao PAS empregando grupos focais (un en Pontevedra e Ourense e dous en Vigo) en vez de enquisas escritas ou virtuais. A realización destas enquisas planifícase cara finais de ano 2025.

6. Rolda aberta de intervencións

Non hai.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 27/06/2025

1. Aprobación dos informes de seguimento dos seguintes programas de doutoramento:

- PD non interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria
- Comunicación
- Creación e investigación en arte contemporánea
- Enxeñaría química
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica

- PD interuniversitarios (responsabilidade da Universidade de Vigo):

- Biotecnoloxía avanzada
- Ciencias sociais e envellecemento
- Equidade e innovación en educación
- Estudos literarios
- Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria

- PD interuniversitarios responsabilidade doutras universidades:

- Ciencia e tecnoloxía química
- Endocrinoloxía
- Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura
- Láser, fotónica e visión
- Matemáticas e aplicacións
- Neurociencia e psicoloxía clínica

2. Validación da modificación do procedemento de Formación de Investigadores do SGC

3. Programación das enquisas de satisfacción do PAS a finais do ano 2025

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e praxe
O presidente